

**Procedemento selectivo de acceso ao corpo de Profesorado de Ensino Secundario**

**Orde do 28 de xaneiro de 2022 (DOG do 31 de xaneiro)**

**Corpo 590 – Profesorado de Ensino Secundario / Especialidade 018 – Orientación Educativa**

**Tribunais 1, 2, 3, 4 - Pontevedra, 19 de xuño de 2022**

Primeira proba – Proba práctica	Opción nº 1	Tempo de realización: 2 h .
<b>Datos de identificación da persoa aspirante</b>		
<b>Apelidos e nome:</b>	<b>DNI:</b>	

**Cuestión nº 1 ( Puntuación máxima: 1.5 puntos )**

Trala realización da avaliación final de 3º da ESO e por indicación da persoa titora, a familia dunha alumna con altas capacidades intelectuais solicita a medida de flexibilización para que o vindeiro curso a alumna se incorpore a 1º de Bacharelato. Ante esta solicitude, indique todas as actuacións que vostede levaría a cabo.

**Cuestión nº 2 ( Puntuación máxima: 1.5 puntos )**

A principios de curso, a titora de 4º de Educación Infantil trasládalle á xefatura do departamento de orientación o seu interese por empregar na aula o Apoio Condutual Positivo (ACP). Solicítalle asesoramento. Indique a resposta que lle daría.

**Cuestión nº 3 ( Puntuación máxima: 1,5 puntos )**

Un alumno de 19 anos está cursando nun centro EPA os ámbitos de coñecemento do terceiro módulo da Educación Secundaria Obrigatoria para persoas adultas en modalidade presencial. Ten pendente de superar o ámbito científico tecnolóxico de segundo e desexa obter o Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, por cuestións laborais, á maior brevidade posible. Acode no mes de febreiro ao seu despacho para solicitar información sobre as posibilidades de obter dito título a través de probas libres. Indique toda a información que proporcionaríala.

**Cuestión nº 4 ( Puntuación máxima: 1 punto )**

Como xefe/a dun DIOP que intervén no proceso de acreditación de competencias profesionais, describa as fases do procedemento e explique as funcións que ten que desenvolver vostede ante unha solicitude de información dunha persoa interesada en dito proceso .

**Cuestión nº 5 ( Puntuación máxima: 1 punto )**

Nunha reunión da CCP a xefatura dun departamento didáctico solicítalle asesoramento para a elaboración e o desenvolvemento do Plan específico personalizado para o alumnado de ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso. Indique o asesoramento que lle facilitaríala.

**Cuestión nº 6 ( Puntuación máxima: 2 puntos )**

Un alumno ucraíno que acaba de cumprir sete anos, escolarízase a finais do mes de maio en 1º de Educación Primaria. Presenta disparexia espástica e descoñece as dúas linguas oficiais. Despois de levar a cabo a avaliación inicial, o titor pregúntalle a vostede se podería escolarizarse nun curso inferior ou se sería preferible que permanecera un curso máis en 1º de Educación Primaria. Ademais de responder ao titor, indique todas as actuacións e medidas que realizaría para dar resposta ás necesidades deste alumno.

**Cuestión nº 7 ( Puntuación máxima: 1.5 puntos )**

Unha alumna de 1º de Bacharelato superou as materias de Filosofía, Lingua castelá e literatura I, Lingua galega e literatura I, Lingua estranxeira: inglés I, Fundamentos da arte I e Educación física. O seu principal interese é a música tendo superado 6º curso de Grao Profesional de Música. Solicítalle información para continuar os seus estudos nun Conservatorio Superior de Música, indicando que non se sente capaz de reiniciar o Bacharelato. Que posibles alternativas lle indicaría?

**Procedemento selectivo de acceso ao corpo de Profesorado de Ensino Secundario**

**Orde do 28 de xaneiro de 2022 (DOG do 31 de xaneiro)**

**Corpo 590 – Profesorado de Ensino Secundario / Especialidade 018 – Orientación Educativa**

**Tribunais 1, 2, 3, 4 - Pontevedra, 19 de xuño de 2022**

Primeira proba – Proba práctica	Opción nº 2	Tempo de realización: 2 h
<b>Datos de identificación da persoa aspirante</b>		
<b>Apelidos e nome:</b>	<b>DNI:</b>	

**Cuestión nº 1 ( Puntuación máxima: 1.5 puntos )**

Na reunión da segunda avaliación de 4º da ESO, na que vostede participa como xefe/a do departamento de orientación, o equipo docente propón a flexibilización da duración do período de escolarización no Bacharelato dunha alumna con altas capacidades intelectuais. Indique a información que vostede ofrecería ao equipo docente.

**Cuestión nº 2 ( Puntuación máxima: 1.5 puntos )**

Defina o DUA e describa as pautas do mesmo segundo o Centro de Tecnoloxía Especial Aplicada (CAST).

**Cuestión nº 3 ( Puntuación máxima: 1.5 puntos )**

No mes de xuño acode ao seu despacho unha persoa adulta procedente do estranxeiro, sen requisitos académicos previos, que desexa matricularse na educación básica para persoas adultas por primeira vez. Indique a información que lle proporcionaríe e cal sería o procedemento para a súa escolarización.

**Cuestión nº 4 ( Puntuación máxima: 1.5 puntos )**

Unha persoa que acaba de quedar desempregada aporta a seguinte documentación: certificado de profesionalidade de Nivel 2, certificación de estudos superados ata 2º de BUP, vida laboral de 10 anos. Solicita información á xefatura do DIOP sobre a forma de conseguir un Título de Formación Profesional e de que grao podería ser. Indique a información que lle proporcionaríe.

**Cuestión nº 5 ( Puntuación máxima: 1 punto )**

Nunha reunión da CCP a xefatura dun departamento didáctico solicítalle asesoramento para a elaboración e o desenvolvemento do Plan de reforzo para o alumnado de ESO que promocióne de curso con materias sen superar. Indique o asesoramento que lle facilitaríe.

**Cuestión nº 6 ( Puntuación máxima: 1.5 puntos )**

Unha alumna de 4º da ESO solicita información sobre as ensinanzas deportivas xa que está interesada en cursar o grao medio de fútbol sala. Indique a resposta que vostede lle daríe.

**Cuestión nº 7 ( Puntuación máxima: 1.5 puntos )**

Na primeira semana de setembro do curso 2020-2021 unha persoa de 20 anos infórmalle que finalizou no curso anterior o Bacharelato na modalidade de artes polo réxime de persoas adultas, sen superar as seguintes materias: Cultura audiovisual II e Artes escénicas. Está en posesión do Título Profesional de Danza. Ten unha oferta de emprego para a que se require o Título de Bacharel. Indique o asesoramento que lle ofreceríe para obter o título.

